

*RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se publican os listados definitivos de solicitudes declaradas procedentes ou improcedentes da concesión das comisións de servizos por motivos de saúde, reguladas pola Orde do 30 de abril de 2007 (Diario Oficial de Galicia do 9 de maio).*

De conformidade co disposto no artigo 10 da Orde do 30 de abril de 2007 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e a petición da interesada ou interesado, dos funcionarios dos corpos docentes en centros dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde, e de acordo co informe preceptivo da comisión de valoración segundo o establecido no seu artigo 4, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no uso das facultades delegadas pola Orde do 5 de decembro de 2018 (DOG do 21 de decembro), mediante Resolución do 26 de xullo de 2019 aprobou os listados definitivos de comisións de servizo por motivos de saúde.

Advertido que ditos listados non recollían toda a información, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro. Publicar no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal> os listados definitivos de solicitudes de comisións de servizos por motivos de saúde declaradas procedentes e improcedentes de primaria, secundaria, relixión e o anexo citados.

Segundo. Declarar excluídas as solicitudes non formuladas dentro do prazo establecido na Orde do 30 de abril de 2007, e que figuran no anexo aos listados definitivos.

Terceiro. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria <http://www.edu.xunta.gal> de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

